



## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CARBALLO

*Proposta de nomeamento no proceso selectivo, mediante o sistema de concurso, de 1 praza de arquitecto (OEP 2022 Extraordinaria-Estabilización)*

### ANUNCIO

**Proposta de nomeamento do proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, mediante o sistema de concurso, dunha (1) praza de funcionario de carreira no posto de Arquitecto incluída na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo.**

EXPEDIENTE: 2022/E001/000031 – ARQUITECTO

Rematado o antedito proceso selectivo, en quenda libre e mediante o sistema de concurso, faise pública a proposta de nomeamento de D<sup>a</sup>. **María Fuensanta García Babío**, con DNI \*\*\*2490\*\*, para a cobertura dunha (1) praza de funcionario de carreira no posto de **Arquitecta** incluída na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo.

A persoa aspirante proposta deberá acreditar ante o Concello de Carballo, dentro do prazo de VINTE (20) DÍAS HÁBILES desde a publicación da proposta de nomeamento no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña (BOP), os documentos xustificativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

Quen dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou da mesma deducíse que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser nomeados, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

O Alcalde deberá de nomear persoal funcionario de carreira á persoa aspirante proposta, no prazo de quince (15) días hábiles a contar desde a terminación dos vinte (20) días anteriores. O nomeamento mencionado publicarase no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e na sede electrónica do Concello. Unha vez publicado o nomeamento de funcionario, este deberá tomar posesión ou incorporarse no prazo dun (1) mes.

En Carballo, 2 de xaneiro de 2024

O alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

2024/17